



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Aprobación definitiva da modificación de regulamento de réxime interno do Punto de Atención á Infancia (PAI)

ANUNCIO

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA POLA QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte TEDEC: 2024/G014/000001 (Ordenanza).

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria con data do 24 de abril de 2024, acordou, por unanimidade, o seguinte acordo:

“1. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA POLA QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) DO CONCELLO DE A BAÑA .

Expte. TEDEC: 2024/G014/000001 (Ordenanza).

Expte. TEDEC: 2024/G006/000015 (Proposta).

Expte. TEDEC: 2024/G006/000090 (Proposta).

Expte. TEDEC: 2024/G012/000006 (Comisión Informativa).

Expte. TEDED: 2024/G010/000004 (Pleno)

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno con data do 19 de abril de 2024, que deseguido se transcribe:

“O Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 7 de febreiro de 2024 acordou, por unanimidade, entre outros acordos, o seguinte:

“Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello de A Baña, nos termos que figura no expediente”.

Visto que a lexislación e normativa aplicable é a seguinte:

- Artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigos 128 ó 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que non constan reclamacións presentadas nesta entidade ante a aprobación inicial da referida ordenanza, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 35, de 19/02/2024; así como na sede electrónica do Concello da Baña na mesma data.

Vistas as intervencións dos membros da Comisión de Asuntos do Pleno, as cales se recollen a continuación:

- O Sr. alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, expón brevemente o asunto .
- Non se realizan máis intervencións de consideración.

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina, con 3 votos a favor (PSOE e BNG), ningún voto en contra e 2 abstencións (PP) , o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello de A Baña, nos termos que figura no expediente e que figura publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 35, de 19/02/2024; así como na sede electrónica do Concello da Baña na mesma data.

SEGUNDO. Publicar dita Ordenanza municipal no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://sede.concellodabana.gal>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ó Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación definitiva, así como copia íntegra autenticada.

TERCEIRO. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o Pleno da Corporación aproba, por unanimidade:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello de A Baña, nos termos que figura no expediente.

O texto definitivamente aprobado é o que figura publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 35, de 19/02/2024.

SEGUNDO. Publicar dita Ordenanza municipal no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://sede.concellodabana.gal>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ó Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación definitiva, así como copia íntegra autenticada.

TERCEIRO. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

A Baña, 24 de abril de 2024.

O alcalde, José Antonio Pereira Gil.

2024/2829